



## A entrevista

Leticia Suárez Rodríguez  
Equipo técnico do Proxecto Symbios

**Symbios chega ao seu final. Cales son as principais achegas coas que quedas, despois de ter sido parte central deste proxecto?**

Unha das cuestións máis relevantes de Symbios é que soubo poñer un nome e explicar a realidade que se vive en Europa e en Galicia en relación ao impacto social do declive demográfico, que significa un reto e que implica unha serie de problemáticas que ata este momento non estaban descritas: a realidade da exclusión territorial. Sen identificar o factor territorial como posible factor de vulnerabilidade, non sería posible traballar sobre el.

Tamén serviu para afondar en como se está manifestando o declive demográfico en Galicia. As compoñentes son comúns entre diferentes países e rexións europeas (declive da poboación, envellecemento, etc.), pero cando se manifestan nun contexto de dispersión da poboación e déficit de infraestruturas, o resultado é diferente. Grazas á participación no Proxecto DART e ao desenvolvemento posterior de Symbios coñecemos mellor os impactos específicos do declive demográfico en Galicia, unha realidade compartida co Norte de Portugal.

Sorprendeunos positivamente a acollida do Proxecto Symbios e a diversidade de axentes e perfís implicados no proxecto, o que redundou na súa gran riqueza e diversidade de achegas. Temos rexistro de máis de 600 persoas que compartiron a súa experiencia, preocupación, análise e propostas ao longo do proxecto.

## **Cal cres que será o impacto de Symbios en Galicia nos próximos anos?**

Symbios xa foi tendo un impacto. De forma paralela ao desenvolvemento do proxecto, a Administración autonómica galega incorporou o reto da exclusión territorial na súa axenda. A Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020 incorpora como prioridade transversal abordala. Ademais, o enfoque territorial no traballo de inclusión social é tomado en conta na Carteira de servizos sociais de inclusión. Máis alá, na formulación do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 a dinamización demográfica está moi presente.

Outro impacto positivo, derivado da gran participación en Symbios, é ter favorecido as comunidades e iniciativas locais máis afectadas pola exclusión territorial, ser conscientes do fenómeno, o que lles permitirá avanzar de forma máis clara na construción colectiva de solucións.